

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CARLOS NEGRO, GAÑADOR DO 'FERVE A REDE'

"O sexo sen humor non se pode concibir"

O poeta fíxose coa vitoria na segunda edición do certame co relato 'Un quilo de plátanos'.

Redacción - 09:30 22/07/2009

E o gañador é... [Carlos Negro](#). Poeta, lalinense, autor de obras como *As laranxas de Alí Babá*. Letras de Cal (1998); *Far-west* (2001); *Héleris* (2003), VII Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu; *Cultivos transxénicos* (2008), I Premio de Poesía Victoriano Taibo; ou *Makinaria* (2009), era quen se agachaba detrás do pseudónimo Tusitala, o responsábel do relato gañador: *Un quilo de plátanos*.

Xa participara na primeira edición do concurso, "unha iniciativa interesante e divertida", con textos narrativos, como o gañador, malia a que até o de agora todo o que publicou foi poesía. "Os microrrelatos, como formato breve, pemiten facer experimentos", explica, e engade que á hora de escribir textos eróticos "é difícil fuxir dos tópicos audiovisuais e publicitarios". Negro reclama un esforzo para manter vivo o léxico galego do sexo e destaca a rica tradición de literatura erótica en Galicia, dende os textos medievais até as cantigas populares. Entre os autores contemporáneos destaca as achegas de Xurxo Borrazás.

O xurado do concurso destacou o dominio da lingua oral que se recoñecía no relato e tamén o valor de presentar sen tabús e con atrevemento e picardía a sexualidade nas persoas de máis anos. Carlos Negro explica que se primeiro a literatura conseguiu rachar coa invisibilidade do corpo da muller, agora ten que facelo co corpo da xente vella, para os que en ningún caso está vedada a sexualidade. E finalmente reivindica o humor no sexo e no erotismo pois, di, "o sexo sen humor non se pode concibir".

Velaquí o seu relato:

Ai, señora Consuelo, véxoa moi ben!

- Ai, filliña, se ti o dis! Desde me falta o meu Manuel, que Deus o teña na gloria, hai que mirar moito por unha...

- Quere que a axude coa bolsa?

- Deixa, deixa... só levo un quilo de plátanos da da Gelina...

- E non lle están moi verdes?

- Ai non! Danme máis xeito así, duriños, un cada noite, cando vou prá cama...

- Pola noite? E non lle sentan mal pra durmir?

- Quita, quita... despois é cando prendo mellor no sono... quédoche moi relaxada...iso si, hainos que untar ben... pra que presten, non sabes?

- *Untalos?*

- *E logo non! Aos meus anos, neniña... as cousas fanse ben ou non se fan.*

- *Se vostede o di, señora Consuelo, se vostede o di...*

Novas relacionadas

- [O erotismo dos plátanos gaña o 'Ferve a Rede'](#)